

EXPTE: 8L/2015 E.L. PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015: OBRA DE:
"PAVIMENTACIÓN DE VIAL EN MONTALVO (ADINA)".

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta do concelleiro de servizos, mantemento, patrimonio e participación cidadá de data 26/06/2015, que a continuación se transcribe:

"Á vista da proposta desta concellería de infraestruturas e obras en funcións de incoación do expediente de contratación das obras de referencia, de data 10/06/2015, que de xeito literal di:

"Concedida a subvención para a execución destas obras, por Resolución da Presidencia da Deputación de Pontevedra de data 20 de maio de 2015.

Aprobado o proxecto técnico das obras de referencia, por Resolución da alcaldía deste concello, o 08/04/2015.

Retido o crédito presupostario, preciso para o financiamento das obras de referencia, na partida 45302 / 60100 de acordo ó documento "RC" asinado polo Interventor xeral o 8 de xuño de 2015.

En base ao anterior, **propono:**

Primeiro: Incoar expediente de contratación das obras de "Pavimentación de vial en Montalvo (Adina)", cun orzamento de execución por contrata de **corenta e un mil setecentos vinte e oito con corenta e cinco (41.728,45 €)** e cun prazo de execución de tres (3) meses.

Segundo: Solicitar á empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A (COVSA), oferta respecto a execución desta obra e a presentación da documentación necesaria. "*****"

Presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, a documentación requirida á empresa "CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A (COVSA).", en data 17/06/2015 (entrada nº 6078), **esta concellería propón:**

Adxudicar a execución das obras de "Pavimentación de vial en Montalvo (Adina)", á empresa "CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A (COVSA)", de acordo á oferta presentada, polo importe de CORENTA E UN MIL SETECENTOS VINTE E OITO CON CORENTA E CINCO (41.728,45) Euros (IVE engadido), e unha duración de TRES MESES (3)

Nomear director de obra ó enxeñeiro técnico municipal "*****"

Esta alcaldía, resolve:

Primeiro: Adxudicar a execución das obras de "Pavimentación de vial de Montalvo (Adina)" á empresa "Construcións, Obras e Viais, S.A (COVSA).", de acordo á oferta presentada, polo importe de CORENTA E UN MIL SETECENTOS VINTE E OITO CON CORENTA E CINCO 41.728,45 Euros (con IVE), e unha duración de TRES (3) MESES.

Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 45302/60100 por un importe de CORENTA E UN MIL SETECENTOS VINTE E OITO CON CORENTA E CINCO 41.728,45 Euros (con IVE).

Terceiro: Nomear director de obra ó enxeñeiro técnico municipal.

Cuarto: *No prazo máximo de quince (15) días hábiles* a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, ***formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo***, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ó ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta presidencia aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

Quinto: Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de ***quince (15) días naturais*** dende a firma do contrato, un ***Plan de Seguridade e Saúde*** na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Dentro do prazo de ***quince (15) días naturais*** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a ***comprobación do replanteo***, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano de contratación.

Dada en Sanxenxo a dous de xullo de dous mil quince.

O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario xeral

Ángel Luis López Pita